

CONCURSO TIKTOK POLA IGUALDADE



Bases do concurso



Concello
de Pontevedra
Centro de
Información
á Muller





1. BREVE DESCRICIÓN

TIKTOK POLA IGUALDADE é unha iniciativa da Concellería de Igualdade do Concello de Pontevedra, que consiste nun concurso de vídeos de *Tiktok*, de creación propia, orientado á promoción da igualdade de xénero e á prevención da violencia de xénero.

2. PÚBLICO OBXECTIVO

O concurso está dirixido ao **alumnado de 3º e 4º da ESO** de calquera centro educativo do concello de Pontevedra.

3. TEMÁTICA DOS VÍDEOS

O contido dos vídeos estará orientado á promoción da igualdade de xénero e/ou á prevención da violencia de xénero. Máis concretamente, poderán tratar sobre as seguintes temáticas, entre outras:

- ⇒ Relacións interpersoais baseadas no respecto e na liberdade.
- ⇒ Relacións igualitarias e responsabilidades familiares compartidas.
- ⇒ Masculinidades e feminidades libres, diversas e igualitarias: novas masculinidades.
- ⇒ Achegas de mulleres na historia.
- ⇒ Rotura coas diferentes formas de desigualdade persistentes na sociedade, cos estereotipos e roles de xénero...
- ⇒ Igualdade de recoñecemento (na cultura, no deporte, no ámbito laboral...).
- ⇒ Rexeitamento e prevención das distintas formas de violencias machistas.
- ⇒ Violencias machistas en espazos virtuais: *sexprreading*, *revengeporn*, *ciberbulling*, *grooming*...
- ⇒ Mitos do amor romántico que "normalizan" a violencia de xénero.
- ⇒ Cousificación e hipersexualización das mulleres.

4. CRITERIOS DE ADMISIÓN DOS VÍDEOS A CONCURSO

— Poderase participar individualmente ou de maneira grupal. Cada participante presentará como máximo dous vídeos (un grupal e un individual ou dous individuais).

No caso de grupos:

- Cada persoa, no caso de decidir participar de xeito grupal, só poderá formar parte dun único grupo.
- Cada grupo estará integrado por un número máximo de oito persoas.



- A **duración** dos vídeos será dun **mínimo de 20 segundos** e dun **máximo de 1 minuto**.
- Cada vídeo presentado deberá incluír o título elixido pola/s persoa/s participante/s para a súa peza.
- O vídeo será orixinal e inédito.

Quedarán fóra de concurso:

- Os vídeos que promovan unha mensaxe violenta, sexista, denigrante ou ofensiva.
- Os vídeos que representen situacións de violencia de maneira explícita. Preténdese que os vídeos sensibilicen contra a violencia de xénero en positivo, sen reproducir un imaxinario violento que banalice a violencia.
- Os vídeos que utilicen unha música que reproduza estereotipos sexistas e/ou que transmitan mensaxes violentas ou denigrantes cara á muller.

5. PROCESO DE PARTICIPACIÓN

1. Para participar será necesaria **inscrición previa**, a través do formulario en liña que se atopa na seguinte ligazón: <https://forms.gle/V9anZm6ttwSaDyE86>.
 - No caso dos grupos, **deberán inscribirse todas as persoas que o integren**.
 - Se o **alumnado é menor de idade**, esta inscrición deberá realizala o/a proxenitor/a ou titor/a legal.
2. **Elaborar un vídeo** mediante a plataforma *Tiktok* sobre algunha das temáticas relacionadas coa promoción da igualdade de xénero e/ou coa prevención da violencia de xénero.
3. **Enviar un correo electrónico** a tiktokpolaigualdade.pontevedra@retnova.com xuntando:
 - ⇒ Vídeo.
 - ⇒ Título do vídeo.
 - ⇒ Categoría de participación (individual ou grupal).
 - ⇒ Datos da persoa autora ou das persoas autoras, no caso de presentarse en grupo: nome e apelidos, idade, curso e centro educativo no que estuda.

No apartado de “asunto” especificarase: **concurso TIKTOK POLA IGUALDADE**.

Os **vídeos participantes publicaranse** na conta de *Tiktok* [@igualdade.pontevedra](https://www.tiktok.com/@igualdade.pontevedra).

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS VÍDEOS

A **data límite para a presentación** dos vídeos é o **20 de abril**, este incluído.



7. PREMIOS

Outorgarase un premio por categoría: categoría individual e categoría grupal.

PREMIO CATEGORÍA INDIVIDUAL	PREMIO CATEGORÍA GRUPAL
Tablet Woxter X-200 PRO V2 (10.1") 64GB valorada en 150 €	Bono valorado en 100 € en "Librería Nobel" + tarxeta regalo de 10 entradas de cine valorada en 75 €

8. XURADO

O xurado estará formado por:

- ⇒ Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Pontevedra.
- ⇒ Axente de igualdade do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Pontevedra.
- ⇒ Persoa experta en igualdade de xénero de RETNOVA PROXECTIA CONSULTING.

O xurado seguirá os seguintes **criterios de avaliación**:

1. Adecuación da peza visual á temática do concurso.
2. Orixinalidade do vídeo.
3. Potencial sensibilizador do vídeo e capacidade desta para invitar á reflexión sobre as desigualdades de xénero e as violencias machistas.
4. Capacidade para sintetizar e comunicar os contidos aprendidos na sesión (in)formativa do concurso.

ACLARACIÓNS A TER EN CONTA:

- ⇒ O xurado poderá contar co asesoramento de persoas expertas no ámbito da educación e da comunicación designadas polo Concello de Pontevedra.
- ⇒ O veredicto do xurado será inapelable e comunicarse dándolle a axeitada publicidade na páxina web do Concello <http://www.pontevedra.gal>.
- ⇒ A participación no concurso supón a plena aceptación das bases e o fallo inapelable do xurado. O xurado resérvase a facultade de resolver calquera aspecto non previsto nestas bases. Os premios poderán declararse desertos.

9. ENTREGA DE PREMIOS

A **entrega de premios** levarase a cabo en acto público no mes de xuño. Comunicarase con anterioridade a data exacta da súa celebración.



Os vídeos finalistas publicaranse na web e redes sociais do Concello de Pontevedra e no perfil de *Tiktok* [@igualdade.pontevedra](https://www.tiktok.com/@igualdade.pontevedra). Ademais, daráselles difusión nas redes sociais dos centros educativos.

10. CESIÓN DE DEREITOS DE REPRODUCCIÓN, DIFUSIÓN E EXPOSICIÓN

No caso dos e das menores de idade será a súa representación legal quen deberá autorizar a súa participación no concurso a través do formulario de inscrición.

Así mesmo, o alumnado participante e as persoas que actúan como representantes legais **consenten automaticamente ao participar no presente concurso a reprodución, difusión e exposición de todos os vídeos participantes no concurso.** En todo caso, sempre que se utilice algún dos traballos premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome da/s persoa/s autora/s e do centro educativo ao que pertence/n.

O alumnado que decida incluír no seu vídeo a persoas alleas ao concurso, **deberán contar co consentimento asinado de cesión de dereitos de imaxe da persoa ou persoas que aparezan no vídeo** (neste caso, nin Retnova nin o Concello de Pontevedra se fan responsables).

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten serán utilizados con fins de comunicación nas distintas fases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nas presentes bases. En calquera caso, as persoas participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Retnova Proxectia Consulting, rúa República Checa, nº 40; 15707 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico retnova@retnova.com.

11. CONTACTO

Para resolver calquera dúbida relativa a este concurso poderase consultar a través das seguintes vías:



tiktokpolaigualdade.pontevedra@retnova.com



604 078 903



Concello
de Pontevedra
Centro de
Información
á Muller



Acción financiada a cargo dos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.